



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA
O 30 DE AGOSTO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López
D. Julián Ramón Seijas Criado.
D^a. Esperanza Gayoso Pereiro.
D. Javier Fernández Brage
D. Delfín Feal Pereira
D. Carlos Ladra Brage
D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro
D. Iago Varela Martínez.
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas do día trinta de agosto de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Germán Castrillón Permuy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular D. Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

Non asiste a concelleira D^a. María Eva García Amor.

1.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS. A seguir e de acordo co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, procédese ó sorteo dos membros das mesas electorais correspondentes a este Concello, para as Eleccións ao Parlamento de Galicia do próximo 25 de setembro de 2016, co seguinte resultado:

Sección primeira. Mesa única.

Presidente: Anxo Rubén Fraga Gutiérrez
1º Suplente: Alain Rodrigo Díaz Dopico
2º Suplente: María Mercedes Blasco Zas
Primeiro vocal: Xosé Bieito Arias Freixedo
1º Suplente: María Nieves Ares Pazo
2º Suplente: Manuela Ares Faraldo
Segundo vocal: Mercedes Salorio Díaz
1º Suplente: Sonia Vila Cartelle
2º Suplente: Berta Pérez Martín

Sección segunda. Mesa única.

Presidente: Ramiro Díaz Edreira
1º Suplente: Diego Valentín Garrote Fraga
2º Suplente: José Marcos Liñeiro Míguez
Primeiro vocal: María Teresa Cernadas Rodeiro
1º Suplente: Luís Alberto Cernadas Paz
2º Suplente: Sergio Blanco Torrente
Segundo Vocal: Andrés Sardiña Garrote
1º Suplente: Josefa Fraga Leira
2º Suplente: María Golpe Vázquez



CONCELLO
DE
CABANAS

Sección terceira. Mesa A.

Presidente: Uxía Miño Pico

1º Suplente: María del Rosario Romero Vázquez

2º Suplente: Iria López López

Primeiro vocal: Beatriz Caruncho Corral

1º Suplente: María Cruz Carbón Ardao

2º Suplente: María Isabel Fernández Vázquez

Segundo vocal: Juan Carlos Otero Rivera

1º Suplente: Gerardo Calvo Solís

2º Suplente: Paula Crespo Pita

Sección terceira. Mesa B.

Presidente: Ana Eibe Barcia

1º Suplente: Edison Rivera Ordóñez

2º Suplente: Joaquín Rodríguez Salgado

Primeiro vocal: Juan Manuel Iglesias Rodríguez


1º Suplente: María del Carmen Leira Moreno

2º Suplente: Noemí Fraga Castrillón

Segundo vocal: Lorena Gundín Paineira

1º Suplente: Víctor Basoa Prieto

2º Suplente: Sebastián Pereira Rodríguez



2.- PROXECTO E POSTA A DISPOSICIÓN TERREOS SENDA ENTRE PONTESNO DÍA OITO. Dáse conta do proxecto de "Senda entre pontes no Día 8" redactado polo arquitecto técnico D. Juan Pablo Feal Miragaya cun orzamento de 49.992,03 euros, así como do informe da Demarcación de Costas en Galicia de data 22 de agosto de 2016 co obxecto de solicitar a súa execución pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña manifesta que na Comisión informativa solicitou o informe de avaliación ambiental que polo visto é obrigatorio e vaise aprobar sen ese informe, tamén pediu que o arquitecto municipal aclare cales son os terreos e a día de hoxe non teñen esa información polo que non saben o que están aprobando.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde indica que se está aprobando o proxecto que redactou o técnico Juan Pablo Feal Miragaya, ese informe de Conservación da Natureza o teñen que facer eles que son os que van facer a obra, o Concello achegará o informe de Fomento ou da Xunta, o técnico fixo informe dicindo a quen había que pedir autorizacións, é un proxecto necesario porque pode ter as súas complicacións de responsabilidade para o Concello.

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira considera que xa se tiña aprobado hai un par de legislatura, un proxecto máis ambicioso e que chegaba máis adiante, agora se empeza un proxecto a través doutra administración, está de acordo en que arranxaría moitos problemas de



seguridade pois é unha zona de movemento onde tamén está o club de piragüismo e por algún sitio hai que empezar, o proxecto debe seguir para adiante con tódalas garantías.

O Sr. Pérez Sardiña segue insistindo en que non se determina cales son os terreos de uns e de outros, é un proxecto novo que ven redactado por outro técnico, supón que poñerá o mesmo, incluíase ademais a roza que xa está feita.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con oito votos a favor dos membros dos grupos Popular e Socialista, un voto en contra do concelleiro de PDDdG e unha abstención do concelleiro do BNG, acorda;

1º. Aprobar o proxecto técnico da obra “Senda entre pontes no Día 8” redactado polo arquitecto técnico Juan Pablo Feal Miragaya, cun orzamento de execución por contrata de 49.992,03 euros,


2º. Solicitar a súa execución pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a tal efecto comprometerse a:

a) A posta a disposición, libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, dos terreos afectados de titularidade municipal, achegando o permiso da Demarcación de Costas en Galicia e solicitar autorización dos terreos afectados polo organismo titular da estrada de acceso a AP-9 en Cabanas, para a normal execución das obras.

b) Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local a que puidera dar lugar a execución das obras.

c) A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

d) Facultar ao Alcalde-Presidente, se fose o caso, para a sinatura do correspondente convenio.



3.- INFORME PROXECTO ACTUACIÓN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL ESTRADA N_651 P.K. 20,500 AO 26,900 T.M. CABANAS. Visto o escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia comunicando que por Resolución da Dirección General de Carreteras, con data 9 de xuño, aprobouse provisionalmente o proxecto de trazado “Seguridade vial. Actuacións para a mellora da Seguridade Vial na estrada N-651 P.K. 20,500 ao 26,900. Tramo: T.M. Cabanas. Provincia: A Coruña” de clave: 33-LC-5750, e de conformidade co art. 12 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de Carreteras, procedeuse a incoar expediente de información pública publicándose anuncio no BOE de data 14-7-2016 por prazo de trinta días hábiles. Achega copia do anuncio, da resolución e do proxecto para exposición ao público no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Así mesmo de acordo co disposto no artigo 16 da citada lei, achega DVD do proxecto para informe no prazo dun mes, transcorrido o cal sen que se informe ao respecto entenderase a conformidade coa actuación proposta.

Dáse conta do informe do arquitecto municipal de data 9 de agosto, rexistrado o 17, que inclúe como anexos os emitidos en datas 23 de marzo de 2012 e 8 de xuño de 2015, así como, da Comisión de asuntos do pleno de data 26 de agosto de 2016.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para recordar que este proxecto xa se tratou na Comisión informativa e que se debe dar traslado das alegacións que presentaron os veciños, das cales lle deu traslado, o informe municipal di que non hai ningún incumprimento nin que o proxecto prexudica ao Concello.



CONCELLO
DE
CABANAS

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfin Feal Pereira indica que respecto ao informe do arquitecto municipal non se pon ningún reparo ao proxecto, o único que non tivera información do proxecto, en canto as alegacións haberá que darlle traslado ao Ministerio de Fomento, dado que os servizos técnicos non puxo ningún reparo en nada que poida afectar ao trazado no concello non teñen nada que obxectar.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez opina que segundo se recolle no informe técnico a tramitación deste expediente é un desastre por parte do Ministerio de Fomento, gustaríalle saber que se pretende que voten neste punto, si é o informe técnico está a favor, si se pretende votar o proxecto á vista dese informe ten seria dúbidas de que sexa incluso legal a súa aprobación.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña alude a intervención na Comisión informativa e o malestar porque o informe técnico é do 9 de agosto e estamos a 30, houbo suficientes días como para coñecelo, estudalo e pedir aclaracións con máis coñecemento, o informe fala que se afecta de maneira importante a trama urbana, á súa ordenación urbanística e a trama viaria e o concello o único que fai e dar o visto bo, o desenvolvemento urbanístico de Cabanas está nun parón e bloqueo polo Ministerio de Fomento, o goberno local ten que dar explicación por que o Ministerio non atende as alegacións que se fixeron no seu momento, e chegan repetidas.

Polgo grupo Popular: o Sr. Alcalde, en relación co manifestado polo Sr. Feal Pereira sobre o informe do arquitecto nos aclarará que é un proxecto sectorial de interese xeral que está por encima do Concello e que fixo reparo na tramitación, o proxecto cumpre todo o referente a normativa do Concello, pero na tramitación ten que salvar a responsabilidade por si houbera algunha reclamación, fará un informe estes días para enviar con estas alegacións. En canto ao dito polo Sr. Pérez Sardiña sobre alegacións que se repite, aquí solo hai unha relativa a aparcamentos en Laraxe pero a zona de aparcamento e de descarga o regula o Concello, aquí non vamos aprobar ningún proxecto, vaise dar trámite as alegacións que se presentaron aquí ao Ministerio de Fomento e do informe do técnico municipal de como non afecta a ordenación deste concello e polo tanto dar o visto bo a ese proxecto, solicitarase que se teñan en conta as alegacións como se falou na Comisión de asuntos do pleno.

O Sr. Pérez Sardiña entende que o concello non vai alegar nada e no relativo as alegacións presentadas aquí non son todas as presentadas polos veciños, tal como establece o anuncio do BOP tamén poden alegar directamente na Demarcación de Estradas, hai alegacións que foron presentadas directamente alí, considera que o Pleno debe dicir algo, non lle parece unha actitude política de defensa dos intereses de Cabanas e aos seus veciños, parécelle unha renuncia a defensa dos intereses de Cabanas.

O Sr. Alcalde indica que se vai dar trámite as alegacións que chegan aquí e que pode haber outras presentadas directamente na Demarcación de Estradas, xa explicou na Comisión como se fixo o trámite do proxecto, si hoxe ten poucas alegacións é por facer antes traballo de campo, presentouse o proxecto en borrador para que a xente presentara alegacións antes de facer o proxecto e sacalo a exposición pública, incluso estivo presente o técnico redactor cando se presentou aos veciños, por suposto que se vai defender aos veciños de Cabanas, non hai ningunha



modificación das liñas de construción sobre as que había agora nin sobre a acta, de momento ningunha.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con oito votos a favor dos membros dos grupos Popular e Socialista, un voto en contra do concelleiro de PDDdG e unha abstención do concelleiro do BNG, acorda:

Dar trámite das alegacións que se presentaron neste Concello ao Ministerio de Fomento para que sexan tidas en conta, e do informe do técnico municipal, así como dar o visto e prace ao proxecto de referencia por considerar que non afecta a ordenación deste Concello segundo dito informe.

4.- RATIFICACIÓN DECRETOS ALCALÍA: PLAN HURBE E SUBVENCIÓN PAI.

A continuación dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía para a súa ratificación polo Pleno da Corporación.

a) POSTA A DISPOSICIÓN TERREOS OBRA PLAN HURBE.

“RESOLUCIÓN 381/2016. Posta a disposición terreos obra Plan hURBE.

Visto que con data 27 de xullo de 2016, o Pleno da Corporación aprobou a solicitude á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de execución da obra Mellora de accesibilidade no entorno da Igrexa de Santo André de Cabanas, con cargo ao Plan hURBE 2016.

Visto que con data 8 de agosto de 2016, asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cabanas para a execución da referida obra, e segundo a cláusula segunda, apartado 5, o Concello, como trámite previo á licitación das obras, debe achegar certificación da posta a disposición da Consellería dos terreos necesarios para a execución das obras.

De conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1. Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, de todos os terreos necesarios para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira do convenio que ten por obxecto acometer as obras consistentes na “mellora de accesibilidade no entorno da igrexa de San Andrés” en Cabanas.

2.. Dar conta ao Pleno de Corporación na primeira sesión que realice.

O acorda e asina o Sr. Alcalde German Castrillón Permuy en Cabanas a doce de agosto de dous mil dezaseis, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe. O Alcalde, rubricado. O Secretario, rubricado”

b) SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORAS PAI AS VIÑAS.

“RESOLUCIÓN 401/2016 Solicitude subvención melloras PAI As Viñas.

Vista a orde da Consellería de Política Social do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) (D.O.G. nº 140 do 26 de xullo)



CONCELLO
DE
CABANAS

Visto a memoria para obras de mellora e equipamento no PAI de As Viñas, redactada polo arquitecto municipal cun orzamento de 19.814,40 para obras e 10.453,99 euros para equipamento.

Visto as competencias da Alcaldía establecidas no artigo 21.1 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes, RESOLVO:

1º. Solicitar subvención da Consellería de Política Social para a realización do investimento de Obras de mellora e Equipamento do Punto de Atención a Infancia de As Viñas por importe de 19.814,40 euros e 10.453,99 euros respectivamente, ao abeiro da devandita orde do 13 de xullo de 2016.

2º. Aceptar as condicións e requisitos establecidos na convocatoria.

3º. O concello comprométese a manter o cumprimento de todos os requisitos establecidos na referida orde e na normativa aplicable durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado.

4º. Dar conta ao Pleno da Corporación do presente acordo para a súa ratificación

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e seis de agosto de dous mil dezaseis , do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe. O Alcalde, rubricado. O Secretario, rubricado”.

O pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos dez membros presentes, acorda ratificar as anteriores resolucións da Alcaldía.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde



O Secretario

